

NOTA DE PRENSA

FAEPAC PARTICIPA NA XUNTAZA REALIZADA EN VALENCIA PARA PROPOR MELLORAS LEXISLATIVAS PARA O IMPULSO DO AUTOCONSUMO E A MOBILIDADE ELÉCTRICA EN ESPAÑA

Valencia, 6 de marzo de 2017.- A Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía (EnerAgen), da que FAEPAC é membro, presentou o pasado luns en Valencia as actuacións, consideradas prioritarias, que este ano se impulsarán en materia de autoconsumo e mobilidade eléctrica por parte dos grupos de traballo creados especificamente na organización para potenciar en España estes dous elementos estratéxicos da nova política enerxética da Unión Europea.

A xornada, organizada en colaboración co Instituto Valenciano de Competitividad Empresarial de la Generalitat Valenciana, IVACE, contou coa presenza de 200 asistentes, entre os que se atopaban responsables e representantes das axencias e entes de enerxía autonómicos, provinciais e locais, numerosos empresarios e profesionais así como as principais asociacións do sector.

A directora xeral do IVACE, Júlia Company, agradeceu, nas palabras de benvinda, a presenza das axencias e organismos públicos no ámbito da enerxía asistentes e avogou por reforzar o papel de EnerAgen como o principal instrumento de cooperación e coordinación entre as axencias e organismos públicos que traballan no fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables

O vicepresidente de EnerAgen, Ricardo González Mantero, salientou na súa intervención a importancia de apoiar o autoconsumo e a mobilidade eléctrica, xuntando as forzas das diferentes Administracións públicas para facilitar a súa introdución xeneralizada en tódolos sectores, e convertelas en opcións accesibles para os cidadáns, beneficiosas e que podan repercutir claramente na competitividade das empresas”.

Assumpta Farran, presidenta da Asociación, pechou a rolda de intervencións institucionais sinalando que “el autoconsumo y la movilidad eléctrica son las dos palancas que mueven el nuevo modelo energético, más eficiente, sostenible, distribuido y democrático”, e reiterou que, “pese a que el marco normativo estatal no es el deseable, ello no es excusa para que el resto de administraciones usemos a fondo aquellos mecanismos que tenemos para impulsar estas prácticas”.

Na clausura da Xornada, o conselleiro de Economía Sostible, Sectores Productivos, Comercio e Traballo da Generalitat, Rafa Climent, destacou que o actual modelo enerxético, require unha transición urxente. De feito, segundo explicou “el nuevo modelo productivo que estamos impulsando desde el Consell se apoya en un cambio del actual modelo energético por un nuevo modelo sostenible; capaz de compatibilizar el progreso y la preservación de nuestro entorno”.

Este novo modelo enerxético- engadiu-“tiene en la eficiencia energética, la movilidad sostenible y las energías renovables, especialmente el autoconsumo sus pilares fundamentales.

Na súa intervención recalcou a necesidade de difundir as vantaxes e beneficios do autoconsumo. Neste senso, Climent refiriuse á plataforma web “Autoconsumo detalle”, que foi presentada durante na xornada como “una potente herramienta para volver a generar confianza transmitiendo un mensaje positivo y de optimismo entre la sociedad para que el autoconsumo sea visto como lo que es realmente, un opción de presente, que las administraciones públicas debemos impulsar de forma decidida y sin fisuras”.

Autoconsumo

O coordinador do grupo de traballo de Autoconsumo de EnerAgen, Joaquín P. Mas Belso (IVACE-ENERGÍA), foi o encargado de presentar as accións e a postura da Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía na materia, así como de anunciar o lanzamento público da plataforma web 'Autoconsumo al detalle', dispoñible dende o luns na dirección www.autoconsumoaldetalle.es

Mas Belso destacou que o autoconsumo, especialmente a partir de enerxía solar fotovoltaica, é unha peza clave na nova política enerxética da Unión Europea e salientou que os custes de produción son xa competitivos cos da compra de enerxía da rede.

Debido a isto, as administracións públicas deben impulsar o desenvolvemento desta tecnoloxía, xa que *“su potencial de contribución a la consecución de los objetivos europeos establecidos para el año 2020 resulta incuestionable”*.

Neste senso, explicou que EnerAgen creou a plataforma web de información e difusión “Autoconsumo al detalle”, na que os usuarios atoparán una visión aséptica e imparcial da tecnoloxía, baixo os principios de transparencia, rigor técnico e veracidade.

De xeito complementario á información sobre os aspectos legais, técnicos e económicos, a web facilita unha ferramenta de dimensionado aproximado de instalacións destinada, principalmente, a usuarios domésticos. Con ela poderase calcular as prestacións destes sistemas e obter o seus principais parámetros de funcionamento a partir de datos de entrada básicos e sen demasiada complexidade técnica.

Finalmente, EnerAgen propuxo diversas melloras no marco regulatorio actual, que van dende a simplificación de procedementos para a conexión de instalacións, ao establecemento de criterios homoxéneos en todo o territorio nacional, a posibilidade de realizar instalacións multi-usuario, a revisión de cargos pola enerxía autoconsumida e a evolución cara a modelos máis eficientes de explotación destas instalacións, como por exemplo os baseados en sistemas de compensación de saldos enerxéticos ou “balance neto”.

O director de FAEPAC, Jesús Castro Lozano, manifestou a necesidade de apoiar e fomentar o autoconsumo, sobre todo dende a Administración Pública que ten que ser un referente de xeito de actuar para os cidadáns. Jesús Castro destacou que “O autoconsumo é un dereito, tamén en enerxía”.

Mobilidade eléctrica

Pola súa parte, o coordinador do grupo de traballo de Impulso de la Movilidad Eléctrica de EnerAgen, Miguel Ángel Escobar (ICAEN), foi o encargado de presentar os cambios normativos propostos por EnerAgen en aras de conseguir unha integración real do vehículo eléctrico no transporte por estrada.

Neste senso, explicou que o desenvolvemento da infraestrutura de recarga debe cumprir o principio de máxima efectividade custe – beneficio e, para iso, deben participar de forma activa as distintas administracións e facilitar o entorno legal, administrativo, económico e social para que o sector privado e o público asuman o liderazgo neste subministro enerxético.

Ademais, para o desenvolvemento da electromobilidade en España, EnerAgen propón que se promova a cooperación local e o intercambio de experiencias de éxito entre os distintos ámbitos territoriais, así como a necesidade de fomentar a difusión dos conceptos entre os profesionais e a cidadanía.

Asemade, o grupo de traballo de Impulso á Mobilidade Eléctrica tamén propuxo o fomento da formación e promoción de prácticas externas da tecnoloxía eléctrica híbrida, cursos de formación técnica; a inclusión de criterios que favorezan o uso de vehículos eléctricos en licitacións das Administracións Públicas, na renovación da súa propia flota e da flota de servizo, así como en concesións de servizos públicos de transporte de viaxeiros

e que, nas novas edificacións e infraestruturas públicas, se fomenta a creación de estacións de electromobilidade, ademais do impulso dos aparcadoiros de titularidade pública como medida exemplar.

Finalmente, Escobar presentou un paquete de modificacións lexislativas que inclúen unha necesaria “aclaración” sobre a figura do xestor de recarga retribuída; o impulso de medidas de bonificación e discriminación positivas; que se contemple a posibilidade de exención do imposto especial de enerxía eléctrica subministrada en puntos de recarga rápida de vehículos eléctricos cunha potencia superior a 40 kW e que contén cun punto de subministro específico xestionado por un xestor de carga; o fomento da recarga nas zonas de acceso público e a ampliación dos estacionamentos públicos dotados con infraestrutura de recarga.